

# A lenda

A representación da superficie terrestre nun mapa realízase mediante signos que son recollidos na **lenda**. Estes signos permiten representar trazos do medio natural (ríos, bosques, etc.), da actuación humana (núcleos de poboación, vías de comunicación, etc.) e de elementos abstractos, como, por exemplo, os límites administrativos dun país. Por tanto, a lenda é a clave para a lectura do mapa, xa que contén o significado dos símbolos empregados nel.

Xeralmente, neste curso aconséllase non utilizar un número moi elevado de símbolos nas lendas porque o seu exceso dificulta a lectura do mapa.

## Normas establecidas: cores e símbolos

Na cartografía encontramos unhas normas establecidas, denominadas convencionalismos cartográficos, que se utilizan para elaborar un mapa.

Nesas normas téñense en conta variables como a **forma**, o **tamaño** e a **cor**.

A cor é unha variable moi importante e, xeralmente, están establecidas as seguintes normas:









- A cor **negra** utilízase para trazar camiños, ferrocarrís, límites administrativos, liñas eléctricas e, en xeral, para rotular todos os topónimos.
- A cor **azul** emprégase para debuxar todos os elementos relacionados coa hidrografía, como, por exemplo, ríos, lagoas, lagos, encoros, etc. Tamén se utiliza para rotular os topónimos hidrográficos.
- A cor **vermella** utilízase para trazar estradas, autovías e mesmo debuxar núcleos de poboación.
- A cor **verde** está moi asociada ás formas do relevo chás, pero tamén se utiliza para mostrar zonas de bosques, matogueiras, froiteiras, cultivos de regadío, etc.

Nos mapas tamén encontramos **símbolos**. O obxectivo dos símbolos é comunicar dunha maneira gráfica e clara a información. Moitos símbolos son parte deses convencionalismos cartográficos, como, por exemplo, que as cidades se representen cun cadrado ou punto, ou os ferrocarrís cunha liña negra con pequenas tramas. Ademais, utilízanse moitos **pictogramas**, como, por exemplo, un pequeno avión para mostrar un aeroporto, unha ovella para informar de que existe gando ovino ou unha árbore para mostrar zonas cubertas de bosque. Os símbolos tamén están suxeitos ás variables de forma, cor e tamaño.

HIDROGRAFÍA		
<b>OCEANO</b>	Baía	Canle
<b>Mar</b>	Río	
<b>Golfo</b>	Lago	
FORMAS DO RELEVO		
<b>CORDILLEIRA</b>	CHAIRA	
<b>Sistema</b>	Depresións	
<b>Meseta</b>	Pico	

En xeral, débese evitar rotular un exceso de topónimos nun mapa para que sexa claro. Non obstante, cando temos que facelo, é preciso xerarquizar as variables, con axuda do tamaño de letra, a cor e a tipografía.

Nun mapa topográfico encontrarás a lenda que recolle a explicación dos símbolos utilizados. Moitos deles son convencionalismos cartográficos, de tipo pictográfico, que se entenden facilmente.

SIGNOS CONVENCIONAIS			USOS DO SOLO	
--++-- Límite provincial	==== Pista	■ Edificio singular	 Frondosas	 Coníferas
--++-- Límite municipal	==== Camiño	⊕ Edificio relixioso	 Monte baixo ou matogueira	 Regadío
==== Estrada nacional	—+—+— Ferrocarril	■ Edificio agrícola ou industrial	 Oliveira	 Froiteiras
==== Estrada autonómica 1.ª orde	*-*-*-* Aramado	⊙ Monumento	 Viña	 Viña-Oliveira
==== Estrada autonómica 2.ª orde	~~~~ Curso de auga	⊗ Canteira		
==== Estrada autonómica 3.ª orde	■ Encoro ou alxibe	⊕ TV Repetidor		